


A Terra Chá

Manuel María é un chairego. Que quere dicir iso? Que naceu na Terra Chá. Como se chaman os do lugar onde ti naceche? A el gustoulle sempre moito o lugar onde naceu e dedicoulle moitos poemas: gustábanlle as árbores, os ríos, as lagoas, os campos, os nomes dos lugares... Seguro que onde ti naceche tamén hai moitas cousas fermosas e nunca te parache a pensar nelas. Imos ler este poema dunha soa estrofa que aparece no libro de MANUEL MARÍA *Terra Chá*.



A Terra Chá somentes é:
un pobo aquí, outro acolá,
mil arbres, monte raso,
un ceo chumbo e tráxico
no que andan as aves a voar.
O resto é soedá.

2 Serías quen de facer un texto descritivo, de non máis de catro liñas, que explicase como é o lugar onde ti vives?

Pero antes de que comeces imos ensinarche como son os ríos que atravesan a Terra Chá en palabras de MANUEL MARÍA. Pódechelo valer de modelo para o teu traballo.

No lugar no que comeza ou remata a Terra Chá- pois nunca se sabe e depende a onde se vaia ou de onde se veña- hai unha vila que se chama Outeiro de Rei.

O caso é que Outeiro de Rei no comezo da súa vida tivo tres ríos. O pai Miño, o Río Grande que ven atravesando toda a Terra Chá, ancho, solenne, vagaroso, recreándose ao ollar a beleza das súas propias ribeiras. O Ladra, de augas tépedas que baixa estarabonzando entre árbores, para morrer no Miño. ... As súas augas cantareiras non desaparecen: méstúranse coas do Miño para darlles un pouco máis de alegría. E finalmente o Río Pequeno.

A tribo ten catro ríos

1 Lembras onde naceu MANUEL MARÍA?

No concello de _____ da provincia de _____
_____; ese Concello máis outros forman o _____
que se denomina a T_____.

Por que pensas ti que terá ese nome? _____.

Agora ti:

Unidade 5

3 Imos de pesquisa! Ao río Pequeno, cóntanos MANUEL MARÍA que os de Outeiro de Rei lle chaman o Regato do Cepelo e a este regato tenlle dedicado moitos poemas, ensinámosche o comezo dun:

*Regato do Cepelo: naces e morres
na miña tribo, breve como
a milagrira pinga bo orballo
que se pousa no pétalo da rosa*

...

Tamén o río Miño aparece en moitos dos seus versos, ensinámosche un:

O MIÑO

*Déixame pousar o meu ouvido duro
sobre das túas ondas para sentir
o teu eterno corazón de río
e facer miña a turbadora música
que levas latexando nas entrañas.*

ou aquel que di:

*Ouh Pai Miño fermoso
que pasas rumoroso
enchendo, co soído do teu canto,
este verxel por Deus favorecido!*

Bota unha ollada na biblioteca do teu centro e busca poemas de Manuel María dedicados a algún destes ríos. Seguro que atopas varios!

Escribe aquí un:

